



BANDO

Don JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS, en calidade de Alcalde do Concello de Celanova

Fago saber:

Que sairon publicadas no Diario Oficial de Galicia do día 27 de xuño de 2016, as seguintes axudas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado a asociacións de veciños, federacións, confederacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Beneficiarios:

As asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e asociación de mulleres rurais.

Gastos subvencionables:

Investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os cales a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles vinculados a acadar unha eficaz prestación dos servizos de interese veciñal, análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación de réxime local, e a mellora da vida local nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos os camiños veciñais e as traídas de augas xestionadas polas comunidades de usuarios de augas.

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia

Axudas para o establecemento de sistemas agroforestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

Beneficiarios:

As sociedades de fomento forestal, os propietarios particulares de forma individual, as sociedades ou agrupacións de propietarios particulares legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os particulares, os de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas ou as comunidades de montes veciñais en man común

Obxecto das axudas:

Establecemento de sistemas agroforestais, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia

Para máis información poden dirixirse ás dependencias do Concello

Celanova, 28 de xuño de 2016

Alcalde



Concello de Celanova